

¿Por que me queres?

- ¡Ola! - *entrando pola porta*
- Ola - *desde o cuarto da plancha* - ¿seica había moita xente en María?
- ¿Tardei, non? - *mentras deixa as bolsas enriba da mesa* - cando entrei só tiña dúas diante e esperei, pero unha case merca a tenda enteira e non me fixo xeito marchar - *mirando no forno* - ¿tiveches que poñer ti a carne? debín subir, total para comer só precisábamo-lo pan
- Ui - *entrando na cociña* - noto remorsos - *con sorna*
- Sempre tes que facer ti a comida ¿non si? - *triste* - por unhas ou por outras sempre che toca
- Si - *sen compaixón*
- Mentras agardaba - *sentándose* - entrou a do quinto e púxose a falar con outra que eu non coñezo, ti igual si
- Ah - *sorrindo*
- Non che sabería decir como escomenzou a conversa - *baixo a hipnose da lembranza* - nin tampouco sei o que me fixo prestarlle atención, xa sabes como son, estou alí de pé ó meu ata que me toca
- Claro - *sorrindo, sen entender, case rindo*
- A do quinto estaba enfadada - *ó seu* - non paraba de queixarse do seu marido, de que vai falar, por eso me estraña que lle prestara atención, aínda non lembro un día que non puxera a parir ó marido
Pasa a man pola cara, sigue sorrindo e esperando
- Supoño que foi algo que dixo a outra - *triste* - algo sobre que non se aprecia o que se ten, que non se lle fai caso ó que se ten seguro, a do quinto decía que o marido nunca tiña un detalle con ela, nin flores, nin unha cea. A que estaba atendendo María decía que o seu sempre andaba con trapalladas desas - *recapacita* - bueno, ela non dixo eso das trapalladas
Sorri
- A outra tamén sae en defensa do seu e a do quinto queda soa - *con agobio* - por primeira vez déronme ganas de darlle a razón, pareceume que sufría de verdade. Pensei en ti, pensei en que ás veces non te coido, que non lle presto atención a eses detalles que ó mellor a ti che gustaría. Ti nunca dis nada e eu douno por ben feito. Cando subía as escaleiras pensei en que ó mellor ti tamén sofres por eso, ¿ti quéeresme?
- Pensaba que cho demostraba día a día, claro que te quero - *sorrindo* - vaia ataque que che dou
- Si, demostrásmo cada día - *triste* - o que teño medo é de non cho demostrar eu a ti, ¿por que me queres? eu nunca che traio flores nin sequera no teu cumpleaños, e ás veces despístmome cás datas, ti nunca
- Non, pero eu teño máis memoria cá ti
- Non é eso - *en serio* - deso deberíame lembrar, son cousas importantes
- Son días coma os demais
- Son os días máis importantes da miña vida, non me pidas o divorcio, merquei unha axenda
Sorri
- En serio, mira - *sacando a axenda da bolsa* - non vou esquencer nada, prométocho ¿ti por que me queres?
- Sorri*
- Eu non vivo sen ti ¿por que me queres?
- Porque por moito que repase na miña memoria, na miña gran memoria, non son capaz de atopar unha soa vez, des que te coñecín, na que precisara o apoio, o cariño, o amor, a amizade ou a presenza dalguén e non estiveses ti alí, por eso te quero.